



DITAME
CONSELLO GALEGO DE PESCA
Elaborado polo Grupo de Traballo ad hoc
REVISIÓN DA POLÍTICA COMÚN
DE PESCA

I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS / CONTEXTO

O artigo 49 do Regulamento 1380/2013 contempla a revisión da PPC indicando expresamente que “a Comisión informará ó Parlamento Europeo e ao Consello sobre o funcionamento da PPC como moi tarde o 31 de decembro de 2022”.

A pesar de que a Comisión Europea sinalara que isto **non significa que se vaia a facer necesariamente unha reforma da PPC**, é lóxico esperar que se as circunstancias aconsellan cambios e os órganos de representación democráticos da Unión Europea e os Estados membros así o recomendan, se proceda ás modificacións que se estimen oportunas como sucedeu nos casos anteriores (2002 e 2013) cando a política foi obxecto de importantes modificacións, co obxectivo fundamental de adaptala ás circunstancias do momento.

Coa perspectiva de 2023, non parece sensato poñer en cuestión os logros de reformas anteriores, senón adaptar a PPC aos novos retos: “dende o cambio climático á gobernanza global e ás novas demandas sociais, e facelo tendo en conta o importante impacto das reformas previas sobre a pesca galega, así como as igualdades aínda non conseguidas entre os tres piares da sustentabilidade e a preponderancia do económico e o ambiental sobre o social, é necesario abrir un amplo debate para reformar a PPC co obxectivo de garantir o equilibrio entre a protección do medio ambiente e os importantes retos sociais e económicos futuros”.

A actual Directora da DG Mare da Comisión Europea, Charlina Vitcheva declarou o pasado mes de xuño con motivo do seminario virtual sobre a dimensión externa da PPC, que a Comisión Europea iniciou os traballos para revisar a Política Pesqueira Común en 2022, co fin de aplicar a esta actividade as súas estratexias contra o cambio climático e incrementar a "gobernanza" internacional dos océanos, aparentemente en liña co expresado pola presidenta da Comisión, Úrsula Von der Leyen, como obxectivo global da Unión que é adecuar a normativa europea á iniciativa estandarte do seu mandato: **o Pacto Verde Europeo**.

Xa empezaron as consultas co fin de comprobar cal é o camiño correcto e os cambios que fan falta en aspectos tales como o necesario reforzo da dimensión social da actividade, a potenciación e o recoñecemento da pesca costeira artesanal e do marisqueo e a dimensión internacional da pesca (acordos con terceiros países e gobernanza), na que a UE debe ser líder para unha boa xestión dos recursos mariños, pero entendemos que a análise ten que ser moito máis ampla e ambiciosa.

O obxecto do presente documento é facer unha achega sobre as reformas que parecen recomendables, dende o punto de vista de Galicia, a principal rexión pesqueira da UE, e tendo en conta o balance da actual Política Común de Pesca e das anteriores.

É o momento idóneo para que as rexións pesqueiras europeas tomen o liderado que lles corresponde na definición dos cambios que permitan reconducir os ditados da PPC ás necesidades das comunidades costeiras europeas e ós novos retos a nivel Europeo e global.

II. POSICIÓNS

Dende Galicia entendemos que un deseño adecuado do nova PPC **ten que ser unha solución europea e europeísta que reforce a cohesión social e económica, a innovación tecnolóxica, a mellora das condicións de traballo nos buques e que reforce á Unión, tanto interna como externamente, tendo como obxectivo a soberanía alimentaria e, por tanto, o abastecemento á poboación da proteína animal saudable e de baixo impacto.**

Aínda que as poboacións de animais mariños explotadas pola pesca da fachada atlántica mostran unha tendencia positiva nos anos máis recentes, aínda resulta necesario abordar os retos actuais para **alcanzar unha pesca plenamente sostible, equitativa e próspera para o futuro**, sendo o maior reto garantir que o sector pesqueiro europeo sexa un modelo de xestión, pero tamén que poida traballar en igualdade de condicións con outros

países de tal maneira que se asegure unha xestión adecuada deste sector a nivel internacional e obsérvense unhas normas de competencia mínimas, xa que o sector pesqueiro constitúe unha industria enormemente globalizada. Ademais, hai que lembrar que **estar á vangarda da protección dos mares e da protección da xente do mar implica, ademais dun sacrificio para os profesionais na asunción de medidas dirixidas á sustentabilidade ambiental, social e económica, un lóxico aumento dos custos para os operadores e por iso non se debe permitir o acceso ao mercado comunitario a aqueles países que non realicen un esforzo análogo ao que se fai desde o sector pesqueiro comunitario.**

Galicia recoñece que a loita contra o exceso de capacidade é e debe ser un obxectivo prioritario, pero lembra que a eliminación das chamadas subvencións ao combustible, nin é o medio máis eficaz, nin é posible **sen un acordo mundial sobre fiscalidade mínima.** A vía máis eficaz é a redución das frotas excedentarias por medio de acordos logrados a través das ORP, por iso:

Galicia reitera a súa aposta por un sector marítimo-pesqueiro, marisqueiro e acuícola e por unha cadea mar-industria europea que sexa:

- Moderno e competitivo, especialmente en termos sociais e fonte de innovación tecnolóxica.
- Un actor fundamental na economía costeira europea, **mantendo o seu papel de importancia na consolidación da estrutura social e económica das comunidades costeiras, especialmente en área rurais do litoral periférico.**
- Un actor clave na produción de proteína animal da máis alta calidade.
- Un mercado europeo onde só poidan acudir aqueles que respecten de forma plena os Tratados xunto a lexislación internacional e unhas normas mínimas que conformen o Level Playing Field a nivel mundial.

De igual maneira que a pasada reforma da PPC do ano 2013 se centrou nos obxectivos coñecidos como os Tres Grandes (rexionalización, prohibición de descartar e o Máximo Rendemento Sostible como obxectivo da xestión dos stocks), Galicia propón agora a discusión ao redor dos **Cinco Grandes**: é dicir, cinco aspectos fundamentais que alcanzar para a reforma da PPC en 2023.

É importante resaltar que o enfoque que propón Galicia para a PPC pretende ser realista e partir da situación actual, buscando elementos comúns e ó mesmo tempo tendo en conta as singularidades das distintas comunidades pesqueiras á hora de elaborar o futuro.

En particular e de forma previa, faise notar o interese na análise e desenvolvemento de recoñecemento de aspectos fundamentais para Galicia e que entendemos positivos para o desenvolvemento futuro da actividade marítimo-pesqueira e da cadea mar-industria.

- Analizar e xerar un marco xeral que reforce a unidade da Unión Europea en termos pesqueiros, acuícolas e de transformación e comercialización de produtos do mar e que, dende a dotación dunha cobertura normativa e operativa común e igualitaria, poida respectar e manter as singularidades de cada Estado membro en termos de ordenación, xestión e organización, de forma que este poida conservar as súas estruturas e actividades tradicionais sen menoscabo de respectar e adecuarse ás liñas xerais marcadas.
- **Entender e desenvolver un campo de igualdade de condicións (level playing field) cara ao exterior da Unión Europea e, de cara ó interior, buscar o equilibrio das normas, especialmente no ámbito do control e a rastrexabilidade, e xerando un marco de seguridade xurídica que permita ós diferentes actores desenvolver a súa actividade coas máximas garantías de equilibrio e de respecto ás singularidades e especificidades de cada zona.**

- **Demandar a revisión e actualización do concepto de Zona Altamente Dependente da Pesca, orientando os seus elementos definatorios cara a aspectos clave na sociedade actual como a produción de alimentos de calidade que aseguren a soberanía alimentaria ou a obtención dun alto valor engadido sobre as capturas ou produción de produtos do mar, sen esquecer o importante peso social do sector pesqueiro en Galicia e adoptando medidas de preferencia e discriminación positiva en consecuencia destes criterios.**

Estímase demandar esta cualificación e consideración entendendo que a soberanía alimentaria constitúe un elemento clave a futuro, que deriva na consideración do sector marítimo-pesqueiro e a súa cadea mar-industria coma eslabón esencial no sustento da sociedade, especialmente en episodios de crise como o vivido coa pandemia da covid-19.

En particular, estímase esta petición tamén por canto estas rexións poden ser as principais afectadas polo cambio climático e os seus vínculos sobre a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola (e consecuentemente sobre a cadea mar-industria), así como polo especial impacto que este menoscabo da actividade pode ter sobre cuestións como a Economía social e a Responsabilidade Social Corporativa que caracteriza ao sector marítimo-pesqueiro en zonas costeiras.

- **Analizar de forma rigorosa a aplicación da obrigaón de desembarque de tódalas capturas e avaliar a mellora da súa continuidade mediante a adopción de medidas de xestión que se poidan adecuar a este obxectivo sen prexudicar ou menoscabar a actividade da frota pesqueira europea.**

Con especial atención estímase que se ten que revisar o criterio de asignación de cotas en favor dunha mellor adecuación ao patrón de capturas de cada pesqueira, ademais de analizar a pertinencia dun establecemento dun sistema de xestión baseado noutros modelos como fórmula de posible solución para varias das incoherencias e desaxustes producidos en relación a esta medida polo actual sistema de TAC e cotas.

No caso da frota artesanal, debe de considerarse excluila do sistema de TAC e cotas e substituír este por un sistema de control baseado no esforzo pesqueiro.

III. 5 EIXOS ESTRATÉXICOS PARA UN FUTURO DA PESCA SOSTIBLE

A continuación, preséntanse os **Cinco Grandes eixos estratéxicos que propón Galicia con obxectivos específicos preliminares**, susceptibles de ser modificados nun proceso de participación activa e democrática do sector.

- A. UNHA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN SOCIAL E DE FUTURO***
- B. UN COMERCIO PESQUEIRO XUSTO: O LEVEL PLAYING FIELD***
- C. UNHA PESCA SOSTIBLE E COMPATIBLE COA CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE***
- D. ADAPTACIÓN Ó CAMBIO CLIMÁTICO***
- E. A COGOBERNANZA GLOBAL COMO BASE PARA A SUSTENTABILIDADE DA ACTIVIDADE***

A. UNHA POLÍTICA PESQUEIRA COMÚN SOCIAL E DE FUTURO

Á vista da recuperación de moitas das especies e o alcance xeral do obxectivo do Rendemento Máximo Sostible para moitas delas nas augas comunitarias e no Atlántico, unha perspectiva en positivo para os aspectos ambientais e unha tendencia equilibrada en termos económicos (mesmo no ano 2020 e coa incidencia do

covid-19 polo medio), propoñemos que **a atención ao aspecto social se constitúa agora nun dos obxectivos principais**, dando especial cabida á **potenciación do relevo xeracional** mediante a mellora das condicións de vida a bordo e a adecuación da formación.

Neste sentido, faise necesario estimular a promoción da actividade marítimo-pesqueira e acuícola en dobre orde: primeiro, abundando na necesaria ampliación do consumo e na comercialización adecuada dos produtos do mar como elemento de dinamización económica e xerador de mellores remuneracións e, en segundo lugar, da valía, interese e oportunidades que o emprego neste ámbito produtivo posúe, ligando esa valorización a un proceso de avance na autoestima que faga máis atractiva a empregabilidade no sector

Estimamos como algo absolutamente necesario, que **se creen as condicións para unha renovación tecnolóxica das estruturas produtivas, estimulando a innovación tecnolóxica** que se oriente cara a unha maior eficacia operativa das unidades de pesca, rebaixando os custos de produción e mellorando as condicións de habitabilidade e seguridade, algo indispensable para **facер desta profesión algo ben remunerado e atractivo para a mocidade europea.**

Dende o punto de vista de dereitos laborais, é importante que **se precise un avance nas condicións de traballo e habitabilidade dos buques pesqueiros e doutras estruturas produtivas**, e sublíñase a transcendencia de que existan unhas normas xerais mínimas que garanten a mellora das condicións de traballo e habitabilidade das tripulacións a bordo de buques pesqueiros e para iso todos os Estados membro da UE deberían de adherirse á lexislación internacional xa en vigor.

Entendemos que esta proposta lévanos a auspiciar e buscar a operación con estruturas produtivas (xa sexan buques, bateas, plantas de transformación ou espazos de comercialización) modernas, cuestión que suma de maneira positiva na mellora da seguridade no traballo e da competitividade e lóxica económica.

Este feito é especialmente relevante no caso da frota costeira artesanal, por canto a súa obsolescencia acrecéntase de forma específica e o impacto da renovación posúe un valor acrecentado en termos de seguridade e habitabilidade, especialmente en relación coa incorporación da muller aos labores pesqueiros neles.

A tal efecto os textos xurídicos internacionais relevantes son dous convenios da OIT: o Convenio Internacional sobre normas de formación, titulación e garda para o persoal dos buques pesqueiros do ano 1995 (STCW- F), adoptado no ano 1995 e o Convenio da OIT sobre o traballo na pesca, 2007 (núm. 188), adoptado no ano 2007 e que entrou en vigor en 2017.

Sería importante que a Unión Europea promova a ratificación e a correcta aplicación do Convenio C-188 da OIT sobre o traballo na pesca. Aínda faltan numerosos Estados membros da propia UE que non ratificaron o C-188, pero a UE adoptou a Directiva (UE) 2017/159 do Consello do 19 de decembro de 2017 que converte un Acordo alcanzado entre Confederación Xeral de Cooperativas Agrarias da Unión Europea (COGECA), a Federación Europea de Traballadores do Transporte (ETF) e a Asociación das Organizacións Nacionais de Empresas Pesqueiras da Unión Europea (Europêche) en obrigatorio para todos os EEMM. Este acordo tiña como obxectivo desenvolver máis o conxunto da normativa social comunitario no sector marítimo-pesqueiro, **e así promover condicións de competencia leais neste sector da UE.** Acorde coa Directiva (UE) 2017/159, todos os Estados membros están obrigados a traspoñer ese Acordo á súa lexislación interna como moi tarde o 15 de novembro de 2019.

Por último, o problema da sobrecapacidade, onde se comprobe cientificamente que exista, será abordado con decisión mediante medidas de control e limitación directa do tamaño das frotas e do esforzo pesqueiros, partindo da situación actual. E isto tanto a nivel da Unión como a nivel internacional e a Unión será capaz de tomar medidas en contra daqueles países que non controlen o tamaño das súas frotas e da súa capacidade pesqueira.

Obxectivos específicos:

A1. Aínda que moi cuestionable, a política de limitación da renovación das frotas puido ter algún sentido no pasado: evitar a sobrecapacidade pesqueira. Pero a mellora das condicións de vida a bordo, **o reforzo da incorporación da muller a este ámbito laboral**, e a adopción de medidas para reducir o impacto ambiental teñen agora un impacto sobre os buques que fan a política actual obsoleta. Moitas das melloras esixidas hoxe en día nos buques requiren un aumento do volume, sen que iso teña como resultado un incremento na capacidade de pesca.

A **renovación da frota pesqueira** debe responder as esixencias de condicións **laborais e de igualdade de xénero** e a transición ecolóxica: eliminar a limitación do volume para permitir mellores condicións de traballo/vida a bordo e para facilitar a introdución de tecnoloxías verdes a bordo dos barcos. **Esta renovación debe ter específica aplicación no ámbito da frota costeira artesanal, demandándose un reforzo das liñas de apoio económico para a mesma.**

A2. Con obxecto de aumentar o atractivo do oficio de pescador para a mocidade europeos, a UE debe esixir que todos os armadores, cuxos buques pesqueiros operan en augas baixo xurisdición dun Estado membro ou que enarboran un pavillón dun Estado membro:

- **contraten aos pescadores cuns estándares laborais e sociais fixados pola UE, independentemente da súa nacionalidade, e onde os sistemas tradicionais de remuneración manteñan a súa vixencia por canto aseguran a súa adecuación ás circunstancias e poden chegar melloras salariais ligadas ao nivel económico da actividade.**

Para garantir o cumprimento poderíase plantexar a aprobación dunha directiva parecida á de sobre o control dos buques polo Estado reitor do porto (Directiva 2009/16/CE), e establecendo así un sistema de control nos portos das condicións laborais da xente do mar.

- *de ratificar o STCW- Fish 1995 porque a formación é clave para unha pesca sostible e segura.*
- *Non permitir o acceso ao mercado da UE a aqueles países que non teñan unha lexislación análoga. O exemplo do regulamento IUU debe estenderse á protección dos traballadores a bordo.*

*A3. A UE debe **estimular de forma decidida e irrenunciable a igualdade de xénero** e promover activamente a participación de mulleres no mercado laboral da actividade marítimo-pesqueira a través de programas de formación específicas para mulleres, e **acrecentar a inclusión de medidas de conciliación da vida profesional e persoal para ambos os sexos**. A UE debería apoiar todas as iniciativas cuxos obxectivos son empoderar ás mulleres e aumentar o número de mulleres embarcadas en buques pesqueiros ou que traballen na acuicultura, para o que a renovación tecnolóxica da frota, **especialmente da costeira artesanal, e das estruturas produtivas análogas** resulta así mesmo indispensable.*

B. UN COMERCIO PESQUEIRO XUSTO: O LEVEL PLAYING FIELD

Extraer ou producir e transformar e comercializar produtos do mar de maneira sostible custa diñeiro e **por iso un mercado mundial e europeo xusto sería aquel en o que puidesen participar só aqueles que aceptasen os principios dun xogo xusto e equilibrado (LPF)**, coa intervención da DG Competencia da Comisión Europea na determinación das condicións que afectan ao libre mercado e a unha competencia mundial leal dos mercados dos produtos pesqueiros.

Para lograr este obxectivo básico de pleno respecto ás normas da política da competencia, **a UE debe de establecer cales son estas normas mínimas de obrigado cumprimento que definan o LPF** aplicable a todos os que desexen participar nun mercado pesqueiro xusto e sostible tanto a nivel da UE como a nivel mundial **impedindo o acceso ao mercado comunitario (tarxeta vermella) a todos aqueles que non cumpran estes requisitos.**

Igualmente, non se debe de permitir o acceso ao mercado comunitario de produtos procedentes dos países que restrinxan de maneira directa ou indirecta a liberdade de movemento de capitais en pesca, o que resulta intolerable cando se trata de países desenvolvidos que non teñen estas trabas na UE. Con este motivo o Acordo do Espazo Económico Europeo debe de ser modificado neste sentido, outorgando recoñecemento aos intereses marítimo-pesqueiros dentro do mesmo.

A Comisión avoga por máis cooperación internacional, revivir o multilateralismo, e protexer e patrocinar a "orde internacional baseada en normas" polo cal unha reforma da OMC debe de ser unha das prioridades da UE no ámbito internacional. Pero tamén debe crear instrumentos para poder actuar máis firme ante prácticas desleais de terceiros Estados cuxas empresas operan no mercado interior por exemplo loitar contra subvencións doutros países que distorsionan a competencia comunitaria. **Galicia apoia o espírito** das propostas e análises da Comisión, pero **con matices claros, sen os que unha falta de concreción pode facer que todas estas propostas estean baleiras de contido e por iso propón os seguintes:**

Obxectivos específicos:

B1. A UE e os seus Estados membros deben facer uso de todos os seus instrumentos (xa existentes e en concordancia coa Organización Mundial do Comercio) de defensa comerciais para que só se comercialicen produtos de terceiros países que cumpran con normas mínimas, así como analizar en detalle as interrelacións dos acordos comerciais na cadea de valor europea, evitando así incoherencias entre políticas da Unión Europea e graves distorsións de competitividade no mercado de produtos do mar que reduzan empregos e actividade económica.

O exemplo do regulamento IUU (un gran éxito da UE) debe estenderse a outras áreas, como a das condicións laborais aplicables aos mariñeiros ou as de axudas ou apoios públicos á produción e exportación de produtos do mar.

B2. Débese de ser especialmente severos cos países do Espazo Económico Europeo e o Reino Unido esixindo reciprocidade absoluta en termos de respecto aos Tratados internacionais e ás catro liberdades do comercio, capitais, laborais e servizos sen o cal o acceso ao mercado comunitario debe de ser totalmente restrinxido.

B3. Nos acordos bilaterais débense incluír disposicións imperativas en prol dun respecto das modalidades de pesca sostible (ambiental, social e económica).

*B4. A adaptación das exencións fiscais ao combustible de buques pesqueiros supón un reto xa que non existe unha política fiscal harmonizada entre Estados, nin a nivel internacional nin a nivel comunitario. A UE non debe tomar a iniciativa de maneira unilateral se os países terceiros manteñen os carburantes mariños sen fiscalidade e, **en todo caso, nunca antes de que existan alternativas viables que poidan substituír eficazmente aos combustibles fósiles empregados no sector pesqueiro.** Proponse presentar ante a OMC unha proposta de homoxeneización da fiscalidade en todos os países produtores internacionais de produtos pesqueiros para evitar distorsións e falseamento da competencia.*

B5. A UE debe promover activa e decididamente, e adoptando medidas de sanción se fose necesario, a ratificación dos instrumentos do dereito internacional por parte de todos os países, e debe abordar os casos de países (en particular de Extremo Oriente) que incrementan as súas frotas pesqueiras sen control e que non adoptan medidas eficaces contra a sobrecapacidade das súas frotas e a loita contra a IUU ou que se manteñan á marxe das ORP existentes.

C. UNHA PESCA SOSTIBLE E COMPATIBLE COA CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE

Resulta indispensable para a consolidación a nivel da UE e mundial dunha **Economía Azul Sostible tal que xere alimentos saudables, cree postos de traballo dignos e contribúa á neutralidade climática e á loita contra a polución mariña.**

Este obxectivo debe de ser estimulado pola Comisión tras unha ampla consulta entre os **órganos de representación democrática** a todos os niveis, rexional, estatal e UE, ademais dun extenso proceso de consulta coas entidades de representación **sectorial e axentes sociais** e outras entidades como as organizacións non gobernamentais (ONG) que estean debidamente representadas nos **consellos consultivos** (ACs).

Xa en 2008, a UE adoptou Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña (MSFD) co obxectivo principal de establecer un "marco para a acción comunitaria no ámbito da política medioambiental mariña". A MSFD pretende ser un instrumento para un enfoque holístico da protección do medio ambiente mariño e o seu propósito non é regular actividades específicas, senón que o obxectivo xeral foi lograr un "bo estado ambiental". No informe sobre a aplicación da MSFD publicado en xuño de 2020, a Comisión destaca o vínculo directo entre a MSFD e o recentemente adoptado Pacto Verde Europeo concluíndo que **o cambio climático, a biodiversidade, a saúde e a seguridade alimentaria van xuntos**.

Por iso debemos destacar e valorar a capacidade nutritiva dos produtos do mar, a súa contribución á saúde en forma de dieta equilibrada, sa e saudable, así como a súa baixa pegada de carbono e hídrica, reforzándose o seu papel económico, social e ambiental sostible naqueles casos onde a proximidade entre a súa produción e consumo é unha marca propia, como sucede en boa parte da actividade marítimo-pesqueira desenvolvida en Galicia.

É preciso reforzar tamén, en pos de mellorar o coñecemento de stocks e ecosistemas, a investigación e a dotación dun sistema ampliado de toma e disposición de datos, papel no cal, atendendo tamén á necesaria cogobernanza, o sector e os seus profesionais poidan contribuír de forma directa de forma sinxela.

Galicia apoia esta orientación xeral, pero para unha aplicación xusta e equilibrada á vez que eficaz propón os seguintes:

Obxectivos específicos:

C1. O sector pesqueiro e acuícola non forma parte do problema senón da solución para unha alimentación saudable, rica en proteína e que xera menos gases de efecto invernadoiro e menos perda de biodiversidade que a proteína animal terrestre. Os pescadores e acuicultores deben ser recoñecidos como os "Gardiáns da mar" (stewards) do futuro pola súa contribución a unha pesca e acuicultura sostible, recoñecéndoos como os principais interesados e contribuidores á protección do medio natural mariño en canto a que este é base fundamental do seu medio de vida.

C2. A pesca artesanal, a acuicultura e o marisqueo desempeñan un papel socio-económico fundamental para as poboacións que habitan rexións marítimas periféricas mantendo a cohesión social e territorial dentro da UE. A pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura redistribúen a riqueza in situ e se reparte o beneficio entre os grupos localmente.

Deberíase de aproveitar esta oportunidade para alcanzar e integrar un acordo que logre establecer unha definición común sobre as características da pesca costeira artesanal de maneira internacional, e recoller tamén as singularidades da actividade de marisqueo a pé como elemento da Política Común de Pesca.

A UE debe seguir profundando na procura dun verdadeiro equilibrio entre a pesca artesanal e industrial europeas, para o que se propón estudar como mellorar a convivencia entre ambos os sectores, tomando como exemplo a importancia social da pesca artesanal na costa galega.

Así mesmo, deberanse de manter os mecanismos de auto limitación da pesca, como a limitación de acceso de frota externas no ámbito das 12 millas, e as organizacións de base – e onde non haxa, promover a súa creación podendo empregarse para iso o modelo disposto en Galicia, baseado na cogobernanza coas confrarías de pescadores.

C3. A PPC e a política ambiental da UE non teñen xerarquía xurídica: a política ambiental non pode impoñerse á PPC, senón que ámbalas políticas deben ser aliñadas. A UE debe promover a cooperación

activa entre o sector marítimo-pesqueiro e os intereses ambientais a fin de atopar un punto de equilibrio xusto e razoable entre os obxectivos de ambas as políticas e mediante medidas contrastadas e avaliadas cientificamente de maneira rigorosa.

É necesario reclamar a contribución de todas as políticas e ámbitos produtivos e sociais á mellora do estado dos mares moi en particular á de espazos biolóxicos únicos como as rías galegas en termos de contaminación e biodiversidade, xerando medidas de control da polución proporcionais ao seu impacto sobre o medio, e evitando centrar nas actividades marítimo-pesqueiras o papel preponderante nesta tarefa dado o seu baixo nivel de contribución a esta situación.

C4. A Comisión debe reforzar a interlocución entre os representantes de grupos de interese da industria, colectivos dos traballadores e da conservación do medio ambiente. Este diálogo debe ser levado a cabo dunha forma estruturado e equilibrado facendo uso de institucións xa existentes como son os Consellos Consultivos (ACs).

C5. O bo funcionamento democrático da UE require unha cooperación reforzada entre as comisións PECH e ENVI do Parlamento Europeo, na que os distintos intereses implicados aseguren plena transparencia nos seus obxectivos e motivacións.

C6. Ao avaliar o papel da pesca e a acuicultura no contexto da competencia polo espazo marítimo, **é necesario poñer de manifesto o papel esencial da proteína mariña na seguridade alimentaria europea, e as súas vantaxes respecto á proteína terrestre en termos de pegada de carbono e hídrica e perdas de biodiversidade.**

D. ADAPTACIÓN Ó CAMBIO CLIMÁTICO

A UE e os seus Estados membros están na vangarda dos esforzos da comunidade internacional para lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para 2030 cunha variedade de iniciativas, estratexias e actos xurídicos entre os que cabe mencionar a Axenda para os Océanos.

O **Pacto Verde Europeo** é unha especie de estratexia política global da UE que aborda múltiples ámbitos co obxectivo principal de "facer sostible a economía da UE".

Cabe lembrar a **defensa que o sector marítimo-pesqueiro e a cadea mar-industria de Galicia realiza do concepto de sustentabilidade en tres dimensións** que deben estar en equilibrio: **económica, social e ambiental**; que o desenvolvemento sostible ten que ver coas persoas e as súas necesidades, e, que os ODS considéranse un conxunto e son indivisibles.

A **proteína mariña** adquire un extraordinario valor estratéxico que promover como elemento esencial da seguridade alimentaria, **polo que debe ser considerada a súa importancia en toda a cadea produtiva ou extractiva, asegurando tanto o abastecemento de materia prima como de posibilidades de pesca.**

Debe subliñarse a súa importancia nos debates sobre o **quecemento global** e a descarbonización.

Ao mesmo tempo, hai que abordar a dependencia dos combustibles fósiles e os efectos do cambio climático sobre o sistema de xestión dos recursos. Hai que desenvolver con sensatez e progresividade o enfoque de ecosistema na xestión dos recursos e por iso Galicia propón os seguintes:

Obxectivos específicos:

*D1. Como consecuencia do cambio climático, numerosas especies cambian o seu comportamento e a súa área de existencia. É necesario facer un reaxuste da vinculación entre as áreas de existencia das poboacións e a cuadrícula do CIEM, **mellorando a asignación de cotas ás necesidades de disposición de posibilidades de pesca en razón do patrón da pesqueira efectuada e evitando os problemas que as rixideces da asignación actual provocan sobre a actividade pesqueira.***

*D2. Revisar o sistema de TACs, para adaptalos á nova situación, **para o que se fai absolutamente necesaria a exclusión da frota costeira artesanal do sistema de TACs e cotas, substituíndoo***

por un sistema de control baseado no esforzo pesqueiro. Reducir o número de TACs aos estritamente necesarios para xestionar o ecosistema mariño. Explorar os TACs plurianuais e os enfoques multiespecíficos. Isto debería simplificar a xestión e facilitar os acordos co Reino Unido no marco da xestión bilateral dos recursos comúns.

D3. No marco do cambio climático, introducir elementos de flexibilidade na definición dos obxectivos de xestión, incluíndo o máximo rendemento sustentable ou a eliminación de descartes, desde unha perspectiva de ecosistema.

*D4. O desprazamento das zonas de distribución das especies representa un gran reto para a pesca artesanal, cuxa capacidade para seguir ás súas especies tradicionais está limitada pola súa estrutura produtiva. É esencial asegurar a continuidade da pesca artesanal europea e **das súas estruturas asociativas tradicionais**, creadora de postos de traballo e elo esencial no tecido produtivo das zonas pesqueiras europeas, mediante mecanismos que lle permitan adaptarse e diversificarse ante os retos do cambio climático.*

*D5. O cambio climático supón unha tensión adicional para os sistemas de produción de alimentos. Neste sentido, a acuicultura representa unha forma altamente eficiente de producir proteína animal, cunha baixa pegada de carbono. O desenvolvemento da acuicultura sustentable, e moi particularmente o cultivo e semicultivo de moluscos é unha aposta estratéxica que a UE debe favorecer sen dúbida como parte dunha estratexia xeral para asegurar a seguridade alimentaria de Europa no marco do Pacto Verde Europeo, **feito no que cobra especial relevancia o mantemento de sistemas de cogobernanza mantidos durante anos entre a administración e entidades asociativas do sector como as confrarías de pescadores.***

*D6. A acuicultura ten un papel fundamental para a seguridade alimentaria, o emprego nas zonas marítimas periféricas, o crecemento sustentable e a innovación tecnolóxica. Calquera futura reforma, **ademais de contar coa colaboración e achega das estruturas representativas do sector marítimo-pesqueiro e***

acuícola, debe promover o desenvolvemento sustentable da acuicultura en xeral, especificamente os sectores marisqueiro e mexilloeiro, e a piscicultura.

O desenvolvemento da acuicultura ha de entenderse sempre desde a sustentabilidade, o respecto e a compatibilidade coas actividades pesqueiras locais existentes, onde as administracións deberán promover os usos das áreas costeiras, sempre cun criterio de sustentabilidade, para a pesca artesanal, o marisqueo e a produción mexilloeira, así como encamiñar preferentemente as súas políticas á promoción da pesca extractiva.

*D7. Mobilizar os recursos do programa europeo de investigación e desenvolvemento (2021-2027) para o desenvolvemento de sistemas de propulsión de buques neutros en carbono (como establece o Pacto Verde europeo para 2050) **aínda recoñecendo que a certeza de que a pesca só contribúe cun 1,68% do 3% global de impacto xerado polas emisións de CO2 producidas polo transporte marítimo internacional.***

*O desenvolvemento da pila de combustible de hidróxeno pode ser a gran solución para descarbonizar o sector marítimo-pesqueiro. **Así mesmo, a necesaria continua innovación en procesos de transformación de produtos mariños, en aras de conseguir unha produción máis eficiente, con menor pegada de carbono e hídrica, pode supor unha oportunidade competitiva para o futuro que debe ser aproveitada.***

Por iso é importante que este aspecto reciba suficiente atención e prioridade no marco do actual programa de investigación da UE para o período 2021-2027.

D8. As áreas mariñas protexidas non aumentan necesariamente os rendementos potenciais da pesca, o que se logra cunha limitación eficaz do tamaño das frotas e a redución da mortalidade por pesca e os límites biolóxicos seguros tal e como se vén facendo ata a data.

*Con todo, ditas áreas, **promovidas nalgúns casos por pescadores e mariscadores locais,** son eficaces na preservación da biodiversidade e no aumento da capacidade de cicatrización dos*

ecosistemas. Pero han de ser establecidas e adoptadas de maneira proporcional, equilibrada e xustificada tras a realización dos estudos científicos pertinentes.

E. A COGOBERNANZA GLOBAL COMO BASE PARA A SUSTENTABILIDADE DA ACTIVIDADE

Co fin de facilitar e garantir o cumprimento das normas internacionais e xestionar o uso da pesca para loitar contra a sobrepesca e a perda de biodiversidade, creáronse organismos como as Organizacións Rexionais de Ordenación Pesqueira (OROP). Dende unha perspectiva global, segundo a publicación SOFIA 2020 da FAO, estímase que o 78,7% de desembarques actuais de peixes mariños proveñen de poboacións explotadas biolóxicamente sustentables e o 69% das dez especies máis desembarcadas que se pescaron en 2017 dentro dos límites biolóxicamente sustentables; especialmente interesante é que os peores datos se reportan para áreas onde non existen OROP **debido á crecente presenza de frotas carentes de regulación ambiental e social e dotadas de apoio económico que ataca de forma directa o level playing field internacional.**

Nas pesquerías en augas internacionais, apoiamos a creación daquelas que sexan necesarias, entendendo que non debe de existir ningunha área oceánica que non estea cuberta pola OROP correspondente, cuestión que a UE debe de promover tomando a iniciativa e fomentando tamén unha involucración intensa dos países adheridos ás mesmas para o cumprimento dos acordos, especialmente nas liñas que aseguren a sustentabilidade dos stocks e unha explotación equilibrada en termos sociais e económicos que defenda e ampare a actividade das frotas presentes nas áreas e que proceden de países con regulación rigorosa destes aspectos.

Entendemos que se debe xerar tamén un necesario debate para o reequilibrio da capacidade de representación e participación decisoria que ten a Unión Europea nestes órganos de xestión e ordenación, de forma que atenda a súa

dimensión pesqueira e comercial e sexa equilibrada coa mesma.

No ámbito interno da Unión Europea, débese de revalorizar o papel desempeñado polo sector marítimo-pesqueiro e da cadea mar-industria no desenvolvemento da Política Común de Pesca, con especial énfase na súa colaboración e participación na cogobernanza a nivel europeo, estatal e rexional.

Neste sentido, é necesario recoñecer o papel desempeñado polas Organizacións de Produtores como elementos fundamentais na aplicación e no cumprimento dos obxectivos da Política Común de Pesca e da Organización Común dos Mercados da pesca e a acuicultura.

Galicia manifesta a importancia da experiencia xerada na cogobernanza da súa actividade marítimo-pesqueira e o papel cruce que nesa tarefa tiveron as confrarías de pescadores, cuxo papel de colaboradores da administración na xestión e ordenación da actividade marítimo-pesqueira e de xeradoras de economía social e responsabilidade social corporativa adquire nesta rexión un papel paradigmático.

Defendemos que a capacidade xeral de organización da produción e de xestión da comercialización fai a estas estruturas organizativas e representativas acreedoras de recoñecemento e dotación de capacidade análoga a outras entidades como as organizacións de produtores, tanto en materia de ordenación comercial como de apoio económico-financeiro.

Obxectivos específicos:

*E1. Unha gobernanza oceánica global: encabezada pola loita contra a pesca IUU e os delitos conexos. Proponse que os Estados membros da Unión Europea inclúan na súa lexislación cláusulas que prohiban aos seus nacionais a participación directa ou indirecta en empresas relacionadas coa pesca IUU e que se tipifiquen como delitos penais os danos substanciais **ou relevantes (sobre especies ou en espazos protexidos)** aos recursos pesqueiros.*

Isto trasladaríase posteriormente ao mercado global xunto con medidas destinadas á Mariña Mercante para a loita contra as verdadeiras bandeiras de conveniencia, establecendo unhas normas sociais mínimas nas augas xurisdicionais europeas.

*Finalmente, no marco da gobernanza marítima global, a UE debe promover o establecemento dunha limitación á capacidade pesqueira global que permita unha repartición máis **equilibrada e adecuada** das oportunidades de pesca no mundo, **de forma que responda de forma máis satisfactoria ao esforzo realizado pola frota europea na procura do equilibrio ambiental, social e económico das pesquerías.***

*E2. As actividades relacionadas coa pesca IUU son infraccións e atentados, delitos graves contra a natureza e a biodiversidade, e prexudican todos os operadores que cumpren escrupulosamente coa normativa. Por iso, a UE debe esixir que se tipifiquen tanto a pesca IUU coma o furtivismo **reiterado e reincidente** como delitos nos códigos penais de todos os Estados membros con penas de multa, inhabilitación e ata prisión en casos que estas actividades danen gravemente ós recursos naturais.*

E3. Un maior papel para a industria na gobernanza e xestión: mediante alianzas público-privadas na xestión, recoñecendo o seu papel ao longo da historia e cunha tolerancia cero cara aos países desenvolvidos que non respecten as liberdades alcanzadas.

Tamén convén explorar novas modalidades de xestión que dean cabida á iniciativa privada en colaboración con outros actores como ONGs debidamente representados nos Consellos Consultivos (ACs).

É necesario seguir traballando no recoñecemento e integración do papel importante que realizaron neste ámbito as Sociedades Mixtas de empresas conxuntas galegas, que contribuíron ao desenvolvemento e mellora das economías e estruturas laborais dos países onde se asentan, achegando un modelo de traballo análogo ao comunitario, e apoiando a soberanía alimentaria comunitaria e dos países (especialmente os costeiros africanos) nos que se asentan.

E4. Os Acordos de colaboración de pesca sustentable entre a UE e terceiros Estados creáronse para que ámbalas partes obteñan beneficios mutuos. A UE debe seguir promovendo este tipo de acordos, sempre cumprindo o dereito internacional, porque aseguran un acceso legal e sustentable á frota de longa distancia europea ás poboacións excedentarias nas augas dos devanditos países. Ademais, estes acordos serven para apoiar aos Estados socios con mellorar as súas políticas en prol dunha pesca sustentable, **feito que debe rexer para todas as frotas con presenza nos caladoiros dese país. Ademais, este apoio debe reforzar tamén as relacións comerciais coa Unión Europea, xa que estas fomentan a obtención dunha materia prima ligada a unha explotación sustentable das pesquerías.**

E5. Ante o novo panorama nas augas do Atlántico Nororiental despois da saída do Reino Unido da Unión Europea, a UE debe garantir unha xestión pesqueira sustentable e equitativa nestas augas **con todos os medios normativos, especialmente comerciais, ó seu alcance.** Debe asegurar que todos os Estados que pescan nestas zonas cumpren rigorosamente co Dereito do Mar (CONVEMAR) e os acordos ratificados no marco da FAO para asegurar unha pesca sustentable. Ademais, a UE debe garantir unha cooperación eficaz cos maiores Estados pesqueiros da zona, é dicir co Reino Unido, Noruega, Islandia e Rusia.

E6. Abordar neste contexto os problemas aínda existentes na gobernanza global: a non ratificación do dereito do mar por algúns países, o crecemento exponencial dalgunhas frotas pesqueiras, ou a utilización de man de obra escrava ou extremadamente precaria en moitos buques ao redor do mundo. O marco da gobernanza oceánica global liderado pola UE é o contexto ideal para abordar estas cuestións,

E7. A transparencia é clave para garantir unha actividade pesqueira sustentable. Proponse crear unha plataforma interactiva aberta á sociedade europea que permita **coñecer as capturas realizadas anualmente por cada buque, os intercambios de cota xerados e as áreas nas que efectuou labores de pesca.**



XUNTA
DE GALICIA

